

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 10 de agosto de 2011 pola que se resolve a do 29 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Mediante a Orde do 29 de marzo de 2011 (DOG do 25 de abril) convocáronse as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia do ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva.

Rematada a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 7 da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro. Concederlles aos seguintes profesores-investigadores do Sistema Universitario de Galicia as axudas que a continuación se relacionan para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, e na contía que se indica en cada caso.

a) Modalidade de grupos de referencia competitiva: axudas para as anualidades de 2011, 2012 e 2013, polos seguintes importes anuais e coa distribución de Feder e fondos propios libres que se indican:

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
CN2011/052	Adeva Andany, Bernardo	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/007	Alonso Betanzos, Amparo	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/017	Alonso González, José Luis	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/055	Álvarez González, Santiago	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/060	Barja Pérez, Juan Luis	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/008	Barral Losada, Luis F.	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/058	Barro Ameneiro, Senén	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/053	Cabo Aseguinolaza, Fernando	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/040	Casanueva Freijo, Felipe	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/010	Castillo Sánchez, José Antonio	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/036	Cepeda Sáez, Alberto	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/002	Colominas Ezponda, Ignasi	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
CN2011/018	Gago Rodríguez, Alberto	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/019	García Mateo, Carmen	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/047	García Río, Luis	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/020	Garza Gil, María Dolores	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/021	González Castaño, Fco. Javier	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/022	Hervés Beloso, Carlos	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/030	Izquierdo Escribano, Antonio	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/015	Labandeira García, José Luis	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/050	Loza García, M. ^a Isabel	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/046	Macías Vázquez, Felipe	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/005	Martínez Portela, Paulino	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/039	Nieto Roig, Juan José	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/023	Pazos Arias, José Juan	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/034	Pazos Sierra, Alejandro	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/061	Rigueiro Rodríguez, Antonio	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/037	Riguera Vega, Ricardo	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/024	Rodríguez Berrocal, Fco. Javier	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/062	Rojo Alboreca, Alberto	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/054	Saá Rodríguez, Carlos	USC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/016	Simal Gándara, Jesús	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/033	Suárez López, Joaquín	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/025	Taboada Castro, Javier	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/004	Vázquez Cendón, Carlos	UDC	56.000 €	47.600 €	8.400 €
CN2011/026	Vilas Martín, Federico	UVIGO	56.000 €	47.600 €	8.400 €

b) Modalidade de redes de investigación: axudas para as anualidades de 2011 e 2012, polos seguintes importes anuais e coa distribución de Feder e fondos propios libres que se indican:

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
CN2011/006	Alonso Ramos, Margarita	UDC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/051	Cajide Val, José	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/043	Caride Gómez, José Antonio	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/011	Fanego Lema, Teresa	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/049	Fernández Prieto, Lourenzo	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/056	Goy Diz, Ana E.	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/035	Martínez Hermida, Marcelo	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/048	Santos Rego, Miguel Anxo	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €
CN2011/041	Vence Deza, Xavier	USC	60.000 €	51.000 €	9.000 €

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. Nas dúas modalidades de axuda, a subvención será librada a través da universidade a que pertenza o solicitante, de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 15 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais, cando a axuda teña cofinanciamento de Feder, a universidade correspondente deberá achegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos, ou un informe de auditoría de acordo co establecido no artigo 60 do Regulamento 1083/2006 (CE), asinado por un auditor do Rexistro Oficial de Auditores de Contas. Este informe deberá certificar tanto a regularidade da solicitude do beneficiario como describir o labor desenvolvido e os resultados.

En caso de cofinanciamento de Feder, tamén se deberá achegar unha relación das publicacións, actos e reunións en que se fixese publicidade do devandito cofinanciamento.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, tal e como se define no artigo 89.3 do Regulamento 1083/2006 do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente na que conste a data de pagamento.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Cuarto. O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Quinto. Dado que os pagamentos das anualidades se realizan co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece o artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro, cumprir tamén o establecido no Regulamento 1083/2006, polo que se que establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e no Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que estableza esa mesma normativa.

Sexto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria